

RESOLUCIÓN DE PRÓRROGA DE CONCESIÓN DE OCUPACIÓN DE 3.600,00 METROS CADRADOS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE CON DESTINO A APARCADOIRO SUBTERRÁNEO NO PASEO MARÍTIMO DE VIVEIRO, NO TERMO MUNICIPAL DE VIVEIRO (LUGO)

**Expediente: C-263-LUGO
CNC02/99/27/0082**

Examinada a documentación que consta no expediente instruído ó abeiro do establecido na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, modificada pola Lei 2/2013, do 29 de maio (LC) e no Regulamento xeral de Costas, aprobado polo Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro (RXC); para a prórroga do prazo da concesión outorgada por Orde Ministerial do 21 de setembro de 1993 ao Concello de Viveiro para a ocupación de tres mil seiscientos metros cadrados (3.600,00 m²) de dominio público marítimo-terrestre (DPMT) con destino á construción dun aparcadoiro subterráneo no paseo marítimo de Viveiro, T.M. de Viveiro (Lugo), figuran no Servizo do Litoral de Lugo os seguintes:

I. ANTECEDENTES

1. Por Orde Ministerial do 21 de setembro de 1993 outorgouse ao concello de Viveiro a concesión de ocupación de dominio público marítimo-terrestre para a construción dun aparcadoiro subterráneo no paseo marítimo de Viveiro, no termo municipal de Viveiro.
2. A concesión outorgouse por un período de 30 anos, de conformidade co previsto na condición 1ª do Prego de Condicións Particulares e Prescricións (PCPP) en relación coa condición 2ª do Prego de Condicións Xerais (PCX) da Orde Ministerial de 21 de setembro de 1993. O cómputo do prazo iniciouse no día seguinte á data de notificación do outorgamento ao concesionario, que tivo lugar o 04.10.1993.
3. O 19.06.2023, o Concello de Viveiro presentou no rexistro do Servizo Provincial de Costas en Lugo, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a solicitude de prórroga extraordinaria da concesión de referencia ao abeiro do previsto nos artigos 172 e seguintes do RXC.

**DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal



A solicitude presentouse acompañada da seguinte documentación:

- Certificado de Acordo Plenario en relación á solicitude de prórroga do asunto.
- Declaración responsable de que as instalacións, obras e modificacións realizadas durante a vixencia do título concesional C-263-Lugo, axústanse ao previsto no seu obxecto, condicións e prescricións.
- Actualización de prezos do proxecto de construción do aparcadoiro subterráneo de A Mariña en Viveiro e valoración da súa demolición.

4. Consta incorporado ao expediente de solicitude de prórroga informe de data 30.06.2023, expedido por persoal da Vixilancia de Costas pertencente ao Servizo Provincial de Costas en Lugo relativo ao estado da concesión de referencia.

5. O 06.07.2023 o Xefe do Servizo Provincial de Costas en Lugo emitiu informe segundo o previsto nos artigos 152.10 e 172.3 do RXC no que se sinala o seguinte:

"[...] – La superficie de la concesión es de 3.600,00 m2.

- No se han ejecutado, en los terreos objeto de la concesión nuevas obras desde el otorgamiento de ella.

- No existe en tramitación ningún procedimiento de caducidad del título concesional contemplados en el artículo 165 del Reglamento General de Costas. "

6. O 01.07.2025 recíbese da Demarcación de Costas de Galicia, dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a documentación relativa ao expediente de referencia, para os efectos de continuar coa tramitación da súa solicitude de prórroga e posterior resolución, de conformidade co disposto no Real Decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral.

Os datos do expediente son os seguintes:

Solicitante:	Concello de Viveiro
Data da solicitude:	19 de xuño de 2023
Obxecto:	Aparcadoiro subterráneo
Situación:	Paseo marítimo de Viveiro
Superficie:	3.600,00 m ²



7. O 31.10.2025, os axentes medioambientais do Servizo do Litoral de Lugo informan que a concesión se encontra nas mesmas condicións en que se outorgou, que visualmente as instalacións se encontran en bo estado de conservación e continúan en funcionamento e achegan fotografías do seu estado.

8. O 07.11.2025, de conformidade co previsto no artigo 152.6 do Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas, o Servizo do Litoral de Lugo solicitou ao Servizo Provincial de Costas en Lugo, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a emisión de informe aos efectos do cálculo do canon de ocupación consonte co previsto no artigo 178 do Regulamento Xeral de Costas.

9. O 14.11.2025 o Servizo Provincial de Costas en Lugo, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, manifestou o seguinte:

"(...) En relación con su oficio de prórroga de concesión de ocupación de dominio público marítimo-terrestre se informa que, para el cálculo del canon, de acuerdo al artículo 84 de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas y correspondientes de su Reglamento, deben aportar el estudio económico de la concesión que recoja el importe medio estimado de los beneficios netos anuales, antes de impuestos, que sea previsible obtener en la utilización del dominio público durante un período de diez años. (...)"

O 18.11.2025, o Servizo do Litoral de Lugo deu traslado ao Concello de Viveiro deste informe, a fin de que poida ser achegada polo solicitante a documentación solicitada polo Servizo Provincial de Costas en Lugo.

Este requirimento foi atendido polo Concello de Viveiro en data 04.12.2025, achegando a documentación solicitada.

10. O 04.12.2025, o Servizo do Litoral de Lugo trasladou ao Servizo Provincial de Costas en Lugo, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, o estudo económico achegado polo Concello de Viveiro e solicitoulle o informe previsto no Real decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral.

Transcorrido o prazo de dous meses previsto no Real decreto 394/2025, do 13 de maio, non se emitiu o informe.

11. O 07.05.2026 o Servizo do Litoral de Lugo deu traslado da proposta de resolución e sometemento á aceptación das condicións da prórroga da concesión ao Concello de Viveiro.



12. O 14.05.2026 o Concello de Viveiro presentou aceptación expresa das condicións ofertadas.

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

II.1. Competencia para resolver

O artigo 48.1 da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia (DOG núm. 133, do 13.06.2023), establece que, respectando o réxime xeral establecido na normativa de costas, as autorizacións e concesións do dominio público marítimo-terrestre serán outorgadas polas consellerías competentes no momento no que se produza o efectivo traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación do litoral.

O 19.05.2025 publicouse o Real decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral, en virtude do cal quedan traspasadas a esta comunidade as ditas funcións e servizos; nomeadamente, a xestión das concesións demaniais, que inclúe, en todo caso, o seu outorgamento, renovación, prórroga, modificación e extinción (BOE núm. 120, do 19.05.2025).

De conformidade co disposto no Decreto 50/2025, de 30 de xuño, a Comunidade Autónoma de Galicia asumiu as funcións e os servizos traspasados pola Administración do Estado en materia de ordenación e xestión do litoral (DOG núm. 124, do 01.07.2025).

A competencia para resolver a solicitude presentada correspóndelle á Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, de conformidade co disposto no artigo 11.1.b) do Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (DOG núm. 101, do 27.05.2024), modificado polo Decreto 192/2024, do 9 de decembro (DOG núm. 238, do 11.12.2024), e polo Decreto 106/2025, do 11 de novembro (DOG núm. 228, do 25.11.2025); e na disposición transitoria única do Decreto 50/2025, do 30 de xuño, segundo o cal, no ámbito da consellería con competencias en materia de ordenación do litoral, correspóndelles aos servizos provinciais do litoral a tramitación e proposta de resolución dos procedementos de concesión demanial de ocupación no dominio público marítimo-terrestre e á persoa titular da dirección xeral con competencias en materia do litoral a súa resolución.



II.2. Marco xurídico

1. Esta concesión foi outorgada por O. M. do 21 de setembro de 1993, estando xa vixente a Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas. No informe favorable do xefe do Servizo de Costas de Lugo durante a tramitación para o outorgamento do título concesional, do 05.08.1993, recóllese, con respecto á necesidade da ocupación, o seguinte:

“NECESIDAD DE LA OCUPACIÓN

Las obras de paseo marítimo de Viveiro de inmediata ejecución, ocuparán la franja de terreno situada entre la calle Navia Castrillón y la ría de Landor, cuya parte Sur se encuentra sin urbanizar y ha venido siendo utilizada para aparcamiento de vehículos. La eliminación de los citados aparcamientos viene a añadirse a la carencia existente de los mismos en Viveiro por su estructura urbana.

Por todo ello, parece justificada la necesidad de ocupación”.

2. O artigo 2 da Lei 2/2013, do 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, regulou a prórroga das concesións outorgadas con anterioridade á entrada en vigor da devandita lei, nos seguintes termos:

Artigo segundo. Prórroga das concesións outorgadas ao amparo da normativa anterior.

1. As concesións para a ocupación do dominio público marítimo-terrestre existentes, que fosen outorgadas antes da entrada en vigor da presente Lei, poderán ser prorrogadas, por instancia do seu titular, de acordo co disposto no presente artigo.

(...)

2. O concesionario poderá solicitar a prórroga da concesión desde a entrada en vigor da presente Lei, e en todo caso, antes de que se extinga o prazo para o que foi concedida.

O prazo da prórroga computarase desde a data da solicitude, con independencia do prazo que reste para a extinción da concesión que se prorroga.

3. A duración desta prórroga en ningún caso excederá de setenta e cinco anos. En función dos usos, a resolución pola que se acorde a prórroga poderá fixar un prazo de duración inferior, e prever, á súa vez, prórrogas sucesivas dentro daquel límite temporal.

4. (...)



5. As concesións así prorrogadas rexeranse en todo o demais, polo disposto na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas.

3. O Regulamento xeral de Costas, aprobado polo Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro (RXC), que entrou en vigor o 12.10.2014, desenvolve nos seus artigos 172 a 178 e na súa DT 16ª o citado réxime da prórroga extraordinaria das concesións establecendo, nomeadamente, no seu artigo 174.2 un límite temporal máximo de 50 anos en relación coas concesións para usos destinados a infraestrutura de servizos urbanos, actividades sociais ou comunitarias e dotacionais.

4. O artigo 20.4 da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, establece que os prazos de duración dos títulos de ocupación do DPMT se computarán desde o seu outorgamento e incluírán todas as súas prórrogas, de ser estas posibles, sen superar os prazos máximos establecidos na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas e na Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

5. Neste marco regulador e tendo en conta que, segundo o exposto nos antecedentes, a O. M. do 21 de setembro de 1993 estableceu para a concesión de referencia un prazo de 30 anos, e que o devandito prazo finalizou o 05.10.2023, propónse unha prórroga do prazo concesional de vinte (20) anos, ata o 05.10.2043, respectando o límite legal máximo de 50 anos para usos destinados a infraestrutura de servizos urbanos, actividades sociais ou comunitarias e dotacionais, consonte co previsto na Lei 2/2013, do 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, no Regulamento Xeral de Costas e na Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.

6. Segundo o artigo 84 da LC, toda ocupación ou aproveitamento do DPMT en virtude dunha concesión ou autorización, calquera que fora a Administración outorgante, devindicará o correspondente canon en favor da Administración do Estado, sen prexuízo dos que sexan exixibles por aquela, estando obrigados ao pago do canon os titulares das mencionadas concesións e autorizacións.

Ao respecto, cómpre advertir que, de conformidade co disposto no apartado C.1. do Acordo de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral, aprobado polo Real Decreto 394/2025, do 13 de maio, a Administración Xeral do Estado resérvase as funcións de fixar o importe dos cánones pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo terrestre, de exercer a titularidade sobre os dereitos económicos devindicados por estes conceptos, así como recadar os seus importes.





Tendo en conta o anterior, a tramitación de calquera procedemento de modificación do actual importe do canon, así como os requirimentos de documentación que poida conlevar este procedemento, entrarían dentro do ámbito das competencias da Administración Xeral do Estado, de conformidade co Real decreto 394/2025, do 13 de maio.

Tal e como se adiantou no antecedente oitavo, o 07.11.2025, de conformidade co previsto no artigo 152.6 do Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas, o Servizo do Litoral de Lugo solicitou ao Servizo Provincial de Costas en Lugo, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a emisión de informe aos efectos do cálculo do canon de ocupación. Unha vez transcorrido o prazo previsto para a emisión do devandito informe, sen que este se emitira, proseguíuse coa tramitación do expediente.

7. De conformidade co artigo 70 da LC, as concesións serán inscribibles no Rexistro da Propiedade e, unha vez extinguida a mesma, a inscrición será cancelada de oficio ou a petición do interesado ou da Administración.

III. RESOLUCIÓN

Á vista de canto antecede, e vista a proposta do Servizo do Litoral de Lugo,

RESOLVO

OUTORGAR ao Concello de Viveiro a prórroga por un prazo de vinte (20) anos, contados a partir do 5 de outubro de 2023, ata o 5 de outubro de 2043, da concesión outorgada por Orde Ministerial de 21 de setembro de 1993 ao Concello de Viveiro para a ocupación de tres mil seiscientos metros cadrados (3.600,00 m²) de dominio público marítimo-terrestre (DPMT) con destino á construción dun aparcadoiro subterráneo no paseo marítimo de Viveiro, T.M. de Viveiro (Lugo), suxeita ás condicións e prescricións establecidas na dita O.M., salvo no referente á condición 1ª do Prego de Condicións Particulares e Prescricións que queda modificada como segue:

CONDICIÓN PARTICULARES

1ª. A prórroga desta concesión outórgase por un prazo de vinte (20) anos contados a partir do 5 de outubro de 2023, ata o 5 de outubro de 2043, respectando o límite legal de 50 anos consonte co disposto na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, no Regulamento Xeral de Costas e na Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.





As administracións públicas poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o órgano xurisdiccional competente no prazo de dous meses, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contados dende o día seguinte ao da recepción desta resolución, sen prexuízo da formulación, se é o caso, do requirimento previo previsto no artigo 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático

Paula María Uría Traba

